

PROGRAMA EUROPEO – EUROPA CON LOS CIUDADANOS

Proxecto CUL-TUR (Vizela, xullo-2014)

Socios:

- .- Câmara Municipal de Vizela (Portugal)**
- .- Municipalité de Frontignan la Peyrade (Francia)**
- .- Concello de Caldas de Reis (España)**

Os obxectivos xerais do Programa “Europa con los Ciudadanos” son:

- Brindar aos cidadáns a oportunidade de interactuar e participar na construción dunha Europa cada vez máis cercana, que sexa democrática e aberta ao mundo, unida e enriquecida pola súa diversidade cultural, desenvolvendo así a cidadanía da Unión Europea.
- Desenvolver un sentimento de identidade europea, baseada en valores, historia e cultura comúns.
- Fomentar o sentido de pertencencia á Unión Europea entre os seus cidadáns.
- Mellorar a tolerancia e a comprensión mutua entre os cidadáns europeos, respetando e fomentando a diversidade cultural e lingüística, e contribuíndo ao diálogo intercultural

Levaranse a cabo accións de cooperación entre os tres municipios, coa cultura e o turismo como motores de desenvolvemento local no ámbito do irmandamento de cidades europeas.

As principais áreas de cooperación contempladas no proxecto son a potenciación da cultura, a creación artística e o turismo, vinculado sobre todo aos recursos termais, a cultura e a gastronomía, todo elo baixo o enfoque das novas políticas comunitarias para o período 2014-2020.

Este proxecto permitirá impulsar o proceso de cooperación transfronteriza entre a Cámara de Vizela, e o Concello de Caldas de Reis, buscando o beneficio socioeconómico dos dous municipios e servirá de plataforma para profundizar nun traballo máis específico nos sectores indicados, que permita optar a futuras subvencións e proxectos europeos.